



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA DO 25 DE MARZO DE 2020

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia.

2.- Avaliación da situación por mor da crise sanitaria xerada pola epidemia provocada polo "COVID-19", e adopción de diversas medidas.

Adóptanse os seguintes acordos:

- A proposta de Alcaldía, convalidar os contratos adxudicados pola Alcaldía mediante tramitación de emerxencia e de conformidade coa habilitación conferida pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 13/03/2020 que se indican a continuación:
 - “Subministración de medicamentos para persoas en situación de vulnerabilidade social”, adxudicado a Farmacia Cotón y Ferreiro, por un prezo máximo de 6.000 euros, IVE incluído.
 - Contratos “Subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social do Concello de Santiago de Compostela adxudicados polos prezos máximos que se indican a: Alcampo (10.000 euros IVE incluído), DIA RETAIL ESPAÑA (10.000 euros IVE incluído), DISTRIBUCIONES FROIZ (10.000 euros IVE incluído), GALLEGA DE DISTRIBUCION DE ALIMENTACION, GADIS (10.000 euros IVE incluído), EL CORTE INGLÉS (10.000 euros IVE incluído), VEGO SUPERMERCADOS (10.000 euros IVE incluído).
 - Servizos de vixilancia e seguridade 24 horas no Seminario Menor de Belvís, adxudicado a SERVICIOS SPR VILANOVA, por un prezo de 17,91 euros a hora, IVE incluído.
 - Servizos de desinfección nos edificios e instalacións do Concello de Santiago de Compostela, adxudicado a ACEUVE, por un prezo de 35.690,38 euros, IVE incluído.
 - Servizos de limpeza e desinfección dos vehículos do parque móbil do Concello de Santiago de Compostela, adxudicado a COMPOSTELA CAR SERVICE, por un prezo de 24,20 euros por vehículo, IVE incluído.
 - Servizo de desinfección da Praza de Abastos, adxudicado a SPARTANA CONTROL SERVICE, por un prezo de 4.325,33 euros, IVE incluído.
 - Subministración luvas, adxudicado a NORFIX SISTEMAS DE SEGURIDAD por un prezo de 2.217,94 euros, IVE incluído.

3.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. A favor da empresa Trobeiro, SL, pola prestación do servizo da Escola Municipal de Música no mes de febreiro, por 25.000 euros.

4.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á prórroga da póliza de seguro de risco colectivo de accidentes dos empregados municipais do concello de Santiago.

Aprobouse o gasto necesario para a cobertura do seguro por importe de 9.504,69 euros polo período comprendido desde as 0:00 horas do día 11-5-2020 ata as 24:00 horas do día 10-05-2021, e a súa adxudicación a MARKEL INTERNACIONAL SE Sucursal en España. A anualidade de 2020 será de 6.119,46 euros e a de 2021 de 3.385,23 euros IVA incluído.

5.- Proposta da concelleira delegada de Contratación relativa ao levantamento da suspensión do prazo para formalizar o contrato de "Subministración de postos de traballo informatizados para a solución de administración electrónica do Concello de Santiago de Compostela, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional dentro do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020".

As ordes de continuidade que emitimos hoxe son as seguintes:

- Servizo mantemento Castelo da Rocha
- Servizo de Axuda no Fogar I e II
- Servizo de mantemento e reparación instalacións térmicas do concello
- Prevención de riscos laborais
- Actualización do catastro
- Asesoramento e actualización na inspección fiscal
- Servizo de radiocomunicación trunking de voz e datos
- Servizo de conservación e nova implantación sinalización horizontal e vertical
- Servizo execución obras diversas de conservación, mantemento e reparación pavimentos nos viarios